WIKIPEDIA

Lingua xeorxiana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **xeorxiano**[1] (ქართული *Kartuli*) é a lingua oficial de Xeorxia, unha república do Cáucaso. O xeorxiano é a lingua materna duns catro millóns de xeorxianos, aproximadamente o 70% da poboación do país, e outros dous millóns de persoas no estranxeiro (principalmente Turquía e Rusia, con comunidades máis pequenas en Irán, Acerbaixán etc.). É a principal lingua escrita para todos os grupos étnicos xeorxianos, incluso para os falantes das outras linguas caucásicas do sur (svanuri, mingreliano e laz).

Xeorxiano ქართული	
Pronuncia:	*Kartuli*
Falado en:	Xeorxia, Irán, Acerbaixán, Turquía, Rusia
Rexións:	Europa, Asia
Total de falantes:	6,3 millóns
Posición:	Vexa [1] (http://www.davidpbrown.co.uk/help/top-100-languages-by-population.html)
Familia:	Linguas kartvelianas **Xeorxiano**
Escrita:	Alfabetos xeorxianos
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Xeorxia
Regulado por:	*sen regulación oficial*
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	ka
ISO 639-2:	geo (B) kat (T)
ISO 639-3:	kat (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=kat)
SIL:	GEO

Índice

Clasificación

O xeorxiano é a máis falada entre as linguas caucásicas do sur, familia que tamén inclúe svanuri e mingreliano (faladas principalmente ao noroeste de Xeorxia) e laz (falada ao longo da costa do Mar Negro de Turquía, desde Rize ata a fronteira con Xeorxia.

Dialectos

Entre os principais dialectos do xeorxiano están: Imeretiano, Racha-Lechkhumiano, Guriano, Adxarano, Imerkheviano (en Turquía), Kartliano, Kakhetiano, Inxilo (en Acerbaixán), Tush, Khevsur, Mokheviano, Pshaviano, Fereidano (tamén en Irán), Mtiuletiano e Meskhetiano.

Historia da lingua

Crese que o xeorxiano se diferenciou do mingreliano e do laz no III milenio antes da nosa era. En base ao grao da mudanza, algúns lingüistas, tales como G. Klimov, T. Gamkrelidze e G. Machavariani expuxeron a posibilidade de que o comezo do cambio ocorrera no II milenio a.d.C ou máis cedo, diferenciando o svanuri das outras linguas. As linguas mingreliana e laz diferenciáronse do xeorxiano aproximadamente un milenio máis tarde.

O xeorxiano ten unha prolífica tradición literaria. O texto escrito máis antigo en xeorxiano que aínda se conserva é o "Martirio do Santo Shushaniki, da Raíña" (*C'amebax c'midisa Shushanik'isi, dedoplisa*) escrito por Iakob Tsurtaveli, datado no século V.

Alfabeto

O alfabeto moderno ten 33 letras. Nun principio tiña máis, pero algunhas delas ficaron obsoletas.

Historia do alfabeto

A forma máis antiga do alfabeto xeorxiano, o alfabeto *Asomtavruli* ("capital"), foi creado o -412 a.d.C por curas xeorxianos do culto de *Matra* (Mithra de Persia). O alfabeto Asomtavruli sufriu reformas no ano -284 adC feitas polo rei Pharnavaz I de Iberia.

O alfabeto Asomtavruli, tamén coñecido como *Mrgvlovani* ("redondeado"). Aínda hoxe consérvanse mostras deste alfabeto en inscricións monumentais, tales como as que se atopan na igrexa xeorxiana de Bolnisi Sioni preto de Tbilisi (dos séculos IV ou V). Incluso se atoparon mostras máis antigas, que datan do século III adC ao século III dC, en Armaztsikhe (preto de Mtskheta) e Nekresi (na rexión de Kakheti ao Este de Xeorxia), en 1940 e desde 1995 ata o 2003 expedicións científicas realizadas por Simon Janashia (1900-1947) e Levan Chilashvili [2] (https://web.archive.org/web/20050817044816/http://ezone.mah.se/projects/georgianV04/DEMO/INTR3/Nekresi.html). As inscricións do Armaztsikhe foron estudadas por Pavle Ingorokva.

Os alfabetos *Nuskhuri* ("minúscula") ou *Kutkhovani* ("cuadriculado") apareceron nun comezo no século IX. Asomtavruli e Nusxuri, coñecidos como *Khutsuri* (ხუცური, ou "escritura eclesiástica"), foron usados para escribir manuscritos relixiosos, utilizando o Asomtavruli para escribir as maiúsculas.

O alfabeto moderno, chamado Mxedruli (მხედრული, "secular" ou "escritura militar"), apareceu por primeira vez no século XI. Utilizábase con fins non relixiosos ata o século XVIII, que foi cando substituíu por completo ao Khutsuri. Os lingüistas considérano como fonémico.

Fonoloxía

Consoantes

	Bilabial	Dental	Palatal	Velar	Consoante Postvelar[1]	Uvular	Glotal
Oclusiva	p b pʼ ფ ბ პ	t d tʼ თ დ ტ		k g kʼ ქ გ კ		qʼ ყ	
Fricativa	v ვ	s z ს ზ	ʃ ʒ შ ჟ		x̱ ɣ̱ ხ ღ		h ჰ
Africada		ʦ ʣ ʦʼ ც ძ წ	ʧ ʤ ʧʼ ჩ ჯ ჭ				
Nasal	m მ	n ნ					
Líquida		l, r ლ, რ					

ა /a/ pronúnciase igual que nas palabras: m**a**r, p**a**i etc.

ბ /b/ **b**ourar

გ /g/ **G**aliza,**g**uia etc.

დ /d/ **d**e**d**o, ma**d**uro etc.

ე /e/ **e**spañol, m**e**ta etc.

ვ /v/ pronunciase como "v" na palabra inglesa "**v**oice", é distinta do "b".

ზ /z/ pronunciase como "z" na palabra inglesa "**z**oo", distinta do "z" galego.

თ/t'/ pronunciase como "t" na palabra inglesa "**t**oy", distinta do "t" galego, é máis lene.

ი /i/ **i**nglés, d**i**to etc.

კ /k/ **k**ilo, **c**oite etc.

ლ /l/ **l**ea, pe**l**o, é un pouco máis forte que o "l" galego.

მ /m/ **m**a**m**á, a**m**or etc.

ნ /n/ **n**ulo etc.

Vogais

ɪ ი		ʊ უ
ɛ ე		ɔ ო
	a ა	

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/xeorxiano) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/xeorxiano) para *xeorxiano*.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua xeorxiana***

Outros artigos

- Caligrafía xeorxiana

Bibliografía

- Pavle Ingorokva. Inscricións antigas en xeorxiano.- Boletín de ENIMK, vol. X, Tbilisi, 1941, pp. 411–427 (en xeorxiano)
- Zaza Aleksidze. *Epistoleta Tsigni*, Tbilisi, 1968, 150 pp (en xeorxiano).
- Korneli Danelia, Zurab Sarjveladze. *Cuestións sobre a paleografía do xeorxiano*, Tbilisi, 1997, 150 pp (en xeorxiano, sumario en inglés).
- Elene Machavariani. Grafía do alfabeto xeorxiano, Tbilisi, 1982, 107 pp (en xeorxiano, sumario en francés).

Ligazóns externas

- Dicionario inglés-xeorxiano, xeorxiano-inglés (http://www.translate.ge) *(en inglés)*
- Fotos de Omniglot (http://www.omniglot.com/writing/georgian.htm) *(en inglés)*
- Gramática en lingua xeorxiana (http://learn101.org/georgian.php) *(en inglés)*